

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 6-2014 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 29/05/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

INCORPORASE ÁS 20.12MIN

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO. DACIÓN DE CONTA DA R.A. Nº 230/2014 DO 23/05/2014 DE RECTIFICACIÓN.
- 3º.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA DESTINAR AS VIVENDA DOS MESTRES A USOS SOCIAIS.
- 4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 5º.- DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE AXUDA NO FOGAR E ESTABLECEMENTO DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 6º.- APOIAR A DECLARACIÓN DA FESTA DA XOUBA COMO FESTE DE INTERESE TURÍSTICA
- 7º.- MOCIONS DE URXENCIA
- 8º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 4 Sesión ordinaria do día 29/04/2014

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 12 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

Acta Nº 5 Sesión extraordinaria urxente do día 16/05/2014

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, indica que no punto do PDTC, antes da votación e tras as outras intervencións omitiuse: :"A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que van a apoiar a proposta."

A Secretaria admite a omisión.

Non habendo mais observacións ao respecto, por unanimidade dos 12 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada coa emenda sinalada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO. DACIÓN DE CONTA DA R.A. Nº 230/2014 DO 23/05/2014 DE RECTIFICACIÓN

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2014 ata o 30/04/2014, que comprenden os números 148/2014 ao 194/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 7 da Sesión ordinaria do día 08/04/2014
- Acta Nº 8 da Sesión ordinaria do día 29/04/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

2.C) A Presidencia da conta da Resolución de Alcaldía nº 230/2014 ditada o día 23/05/2014, que se transcribe a continuación:

<<RESOLUCIÓN Nº 230/2014
Ref. Rectificación erros RE nº 1/2014

En sesión plenaria do 27/03/2014 aprobouse o expediente relativo ao Recoñecemento extraxudicial de crédito nº

1/2014. No devandito acordo obsérvase que no punto primeiro da parte resolutiva indícase: “*Supeditar a eficacia do presente acordo á entrada en vigor do orzamento xeral do Concello de Rianxo para o exercicio 2014*”.

O expediente estaba composto pola providencia do alcalde e a relación de facturas, non figurando ata ese momento referencia algunha á necesidade de ningún condicionante no acordo agás o recollido como punto primeiro na proposta da Alcaldía ao Pleno corporativo. Con eses antecedentes, a Intervención Municipal concluíu “*En consecuencia, existe crédito suficiente e adecuado no vixente presuposto en vigor, polo que se fiscaliza de conformidade o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2014 por un importe total de 67.504,72 €*”, cumpríndose pois os requisitos para que, tras a aprobación do expediente polo Pleno, o acordo sexa eficaz e as ditas facturas puideran tramitarse finalizando co seu pagamento.

O devandito informe consta na parte expositiva da proposta, e ademais o apartado terceiro do acordo di literalmente: “*Que tal recoñecemento extraxudicial de crédito sexa con cargo á aplicación orzamentaria e polo importe sinalado, por existir crédito retido con esta finalidade.*” E na mesma liña tamén se redacta o apartado cuarto do acordo ao dicir: “*que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que correspondan, ordenándose ademais o pago destas.*”

Polo exposto, a Secretaria e Intervención municipal no seu informe do 20/05/2014 din: <<En consecuencia, é evidente que o apartado primeiro da parte resolutiva contradí o apartado terceiro e cuarto, e non é coherente nin co informe de intervención reflectido na parte expositiva>>. E conclúen: <<O apartado primeiro do acordo adoptado polo pleno o 27/03/2014 respecto do expediente de recoñecemento extraxudicial 1/2014 (“Supeditar a eficacia do presente acordo á entrada en vigor do orzamento xeral do Concello de Rianxo para o exercicio 2014”) trátase dun erro de transcripción, xa que resulta incoherente co resto da documentación que obra no expediente. Procede tramitar unha rectificación de erros materiais regulada no artigo 105 LRXAP.>>

Considerando que o artigo 105 da Lei 30/1992 permite á Administración en calquera momento a rectificación de erros materiais, aritméticos ou de feito cometidos nos seus actos. Sendo este o caso.

Esta Alcaldía como órgano competente, en tanto a rectificación de erros é unha intervención de carácter meramente instrumental e subordinado e non alberga unha decisión substantiva que requira a intervención do órgano competente para a resolución final do procedemento, RESOLVO:

Primeiro: Rectificar o acordo adoptado o 27/03/2014 respecto do recoñecemento extraxudicial nº 1/2014 de xeito que suprimese o apartado primeiro que dicía: “*Supeditar a eficacia do presente acordo á entrada en vigor do orzamento xeral do Concello de Rianxo para o exercicio 2014*”.

Así as cousas a redacción do acordo implica a reenumeración dos apartados, pasando a ser o segundo o primeiro, o terceiro o segundo e o cuarto o terceiro.

Segundo: Dese conta ao pleno na próxima sesión que se celebre para o seu coñecemento.>>

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA DESTINAR AS VIVENDAS DOS MESTRES A USOS SOCIAIS

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<O Concello de Rianxo é titular dun número total de doce vivendas vinculadas a fins educativos, divididas en dous portais de seis vivendas cada unha, sitas na chamada Rúa dos Mestres de Rianxo, con número de referencia catastral 5225025NH1252S0001JU.

Actualmente as mencionadas vivendas non son precisas para ditos fins, presentando un estado de abandono que desaconsella a día de hoxe a súa ocupación sen efectuar unha reforma previa.

O Decreto 250/1988, de 21 de xullo, polo que se regula o dereito a casa-habitación destinada a

profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo artigo 6 sinala que: “ A Consellería de educación e Ordenación Universitaria, a petición dos concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para o fin para o que foron afectadas e sempre que no dito edificio non funcione unidade escolar.”

De conformidade co establecido no apartado 2 da disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, é preceptiva a autorización previa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que os edificios escolares poidan destinarse a outros servizos ou finalidades.

Estimándose de interese seguir os trámites necesarios para a desvinculación das vivendas a fins educativos e poder así destinalo a usos sociais de primeira necesidade (emerxencia social...) do Concello de Rianxo.

Solicitado informe á Secretaria municipal sobre o procedemento a seguir emitíuse o 19/05/2014, no que entre outros aspectos, explica que as vivendas que figuran como ficha nº 7 do libro inventario de bens inmobles urbanos realmente non respastaban a un fin de responsabilidade das entidades locais, pois os educativos reglamenteados nunca foron competencia delas, motivo polo que non debían ser cualificados como de “dominio público.servizo público”, ilo sen prexuízo da observación final que na ficha figura e que responde á obriga normativa de ofrecer as vivendas a mestres que xa o tiñan recoñecido; en consecuencia, o propio sería rectificar o inventario municipal. Sen embargo, tamén sinala a existencia de xurisprudencia do Tribunal Supremo que o matizaba, e que fai depender da condición que lle outorgara o concello aos bens e a subsistencia do dereito a casa-habitación daqueles mestres, sendo posible desvinculalas unha vez baleiras e previa autorización, para posteriormente ben desafectalas e rectificar o inventario ou ben efectuar unha mutación demanial.

En tanto o pretendido sería que as vivendas continuaran no demanio público mais vinculadas a outro fin, de carácter municipal, estaríamos ante unha futura mutación demanial no caso de acadar a autorización indicada que conlevará unha rectificación do inventario, ambos expedientes de competencia plenaria.

Polo exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo, como órgano competente respecto da cualificación xurídica dos bens da súa propiedade e sobre o inventario municipal, a adopción do seguinte ACORDO:

(Único): Solicitar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a autorización para desafectar as vivendas localizadas na Rúa dos Mestres, por non ser precisas xa para o fin de casa-habitación.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, TURISMO E NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA, do día 26/05/2014, sendo este favorable.

O alcalde di que a día de hoxe realmente está unha ocupada.

Incorporase a sesión a concelleira Dona María Olga González Dourado, sendo as 20:12 H.

O alcalde continua dicindo que as outras vivendas están ocupadas en noutros menesteres ademais das baleiras, no seu momento tiñan a súa razón de ser pero que a día de hoxe non sería entendible manter con fondos públicos do concello vivendas para funcionarios da consellería de educación.

Ábrese o **DEBATE:**

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que van a votar a favor pero gustaríalle que se aclarara quen as ocupa.

O alcalde lee o informe técnico e di que están ocupadas tres. Aclara que é para fins alleos e

innecesarios.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, manifesta o seu acordo, indicando que aínda que tres están ocupadas é de xeito circunstancial e alleos ao educativo, estase en condición de solicitar autorización á consellería para que se podan empregar para outros fins.

Aproveita para dicir que para empregalas noutros fins, espera que a Xunta de Galicia apoie a restauración de ditas vivendas, posto que é o concello con mais demanda de vivenda social e non debe ser mais castigado.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta, e que se trata de vivendas determinadas, entre outras cousas por estar deshabitadas e que será bó para casos de extrema necesidade de familias do concello xa que non se hai vivendas de protección oficial. Dalgún xeito hai que afrontar a situación a que os cidadáns levou a crise económica.

O alcalde aclara que soamente nunha delas hai certo uso, espera acadar a autorización de todas elas e así presionar para empregar para outros fins as doce vivendas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos presentes con 13 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos do PP), dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O alcalde dá lectura á proposta, que foi remitida aos concelleiros.

<<O Departamento de Servizos sociais achega unha proposta de modificación da ordenanza actualmente vixente para adaptala aos últimos cambios na normativa que lle afecta. Tráese o texto íntegro incluíndo as modificacións efectuadas.

Incorporado o día 21/05/2014 o informe de Secretaria verificando a competencia municipal actual para a súa regulación e indicando os trámites procedimentais.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a nova ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, cuxo texto recóllese como anexo.

Segundo: Expoñer ao público a dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIANXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE núm. 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, **dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente**, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

Por último, trala entrada en vigor o día 31/12/2013 da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local unicamente se recoñece aos concellos competencias na área de Servizos Sociais no artigo 25.2. apartado e): "Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social." Sen embargo, para esta área a lei establece un período transitorio ata o 31/12/2015 para a asunción da titularidade dos servizos sociais pola Comunidade Autónoma, nos termos das normas reguladoras do financiamento autonómico e das facendas locais, de xeito que asumirán a titularidade das competencias que incluía a prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social. De non ser así, e trala data indicada, os servizos seguirán prestándose polo concello con cargo á CA, a cal, de non transferir as contías precisas poderá pedirse a retención nas transferencias do Estado.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Rianxo de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Rianxo.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Rianxo.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é actualmente un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

1. Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
2. Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
3. Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
4. Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
5. Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
6. Retardar ou evitar a institucionalización.
7. Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

1. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
2. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
 - I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
 - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
3. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

- III. Preparación dos alimentos.
- IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- V. Apoio á unidade familiar.
- VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

4. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

1. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
2. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
3. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
4. Adaptacións funcionais do fogar.
5. Servizo de podoloxía.
6. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

1. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
2. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
9. Partipar no pagamento do servizo nos termos establecidos na Ordenanza reguladora do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

1. A renuncia da persoa usuaria.
2. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
2. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
3. Falecemento da persoa usuaria.
4. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
5. A falta reiterada de pagamento do servizo.
6. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Rianxo ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
4. O Concello de Rianxo, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 1. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
 2. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo V desta ordenanza.
 3. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Rianxo e a persoa usuaria, segundo o Anexo IV desta ordenanza.
 4. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Rianxo cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte

procedemento:

1. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
 - I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
 - III. Certificado de convivencia e/ou empadramento colectivo
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde
 - V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
 - VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de alugueiro de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

2. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo Anexo II.
3. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtívese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

4. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadéante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
5. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no Anexo IV desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).
6. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que

se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, segundo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza.
5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o Anexo III desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.
6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.
3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.
4. Así mesmo, computaranse as rendas derivadas dos seguros privados de dependencia ao que se refire o artigo 51.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

A participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar realizarase conforme ao regulada na disposición derradeira primeira do decreto 149/2013, pola que se modifica o artigo 61 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.
2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Rianxo en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos

servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 21º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP núm. 197 e 207, de 16/10/2013 e 30/10/2013 , e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

ANEXO I: PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

SOLICITUDE

EXPTE.: ____/20__

C DEPENDENCIA

C LIBRE CONCURRENCIA

DATOS DA PERSOA INTERESADA

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	ESTADO CIVIL:
TELEFONOS	DATA DE NACEMENTO
CORREO-E:	
REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS	DNI
ENDEREZO	PARENTESCO
CORREO-E:	TELEFONO:

SOLICITA: O recoñecemento do dereito á incorporación ao servizo municipal de axuda no fogar no Concello de Rianxo, unha vez aportada a documentación requirida e que se relaciona ao dorso.

AUTORIZA AO CONCELLO DE RIANXO:

- A solicitar a información de carácter tributario necesaria de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 95 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

- A acceder á información do padrón municipal de habitantes.
- A ceder os seus datos á empresa xestora do servizo municipal de axuda no fogar.

Rianxo, ____ de ____ de 20____

Quen asina declara que todos os datos que conteñen esta solicitude e os documentos que se achegan son verdadeiros, non existindo omisión de datos, e autoriza á súa comprobación nos ficheiros dos distintos organismos públicos. Consente ó disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do departamento municipal de Servizos Sociais e aos outros do Concello de Rianxo relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello

DOCUMENTACIÓN:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de empadramento colectivo
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde

- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.

- VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de alugueiro de vivenda, de ser o caso.

OUTRA DOCUMENTACIÓN:

ANEXO II – Baremo para determinar a asignación do SAF en réxime de libre concurrencia

A finalidade do baremo é establecer unha orde de prioridade para a asignación do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concurrencia, de acordo cos seguintes criterios:

4. Autonomía persoal (36 puntos)
5. Situación socio familiar/socialización menores (20 puntos)
6. Situación socioeconómica (10 puntos)
7. Valoración da adecuación do recurso (20 puntos)

FACTOR 1 : AUTONOMÍA PERSOAL (máximo 36 puntos)

ACTIVIDADES	PUNTUACIÓN*
Vestirse e espirse	0 1 2 3
Aseo e hixiene persoal	0 1 2 3
Continencia urinaria e fecal	0 1 2 3
Mantemento da saúde: responsabilidade na toma de medicación	0 1 2 3

Axuda para transferencias cama - cadeira/sofá	0 1 2 3
Axuda para a deambulaci3n dentro do fogar	0 1 2 3
Preparaci3n de alimentos	0 1 2 3
Limpeza e mantemento b3sico do fogar	0 1 2 3
Roupa: lavala, tendela, pasar o ferro	0 1 2 3
Manexo de aparellos b3sicos do fogar: butano, luz...	0 1 2 3
Administraci3n de bens e cartos	0 1 2 3
Xesti3ns externas: ir 3o medico, banco, compras	0 1 2 3

* 0 puntos: Autonomía total

* 1 punto: con algunha dificultade e/ou require supervisi3n

* 2 puntos: con moitas dificultades e/ou require apoio

* 3 puntos: non pode (dependente)

FACTOR 2: APOIO SOCIAL (m3ximo 20 puntos)

Carece de familiares e rede veciñal e/ou social de apoio	20 puntos
Non recibe ning3n tipo de axuda, por parte de familiares ou da rede veciñal, por falla de relaci3n ou interese dos familiares directos.	18 puntos
Ten familiares ou veciños/as que o atenden en situaci3ns puntais ou de emerxencia	15 puntos
Ten familiares ou veciños que lle prestan axuda, pero a atenci3n 3 insuficiente	10 puntos
Ten familiares con obriga de prestar alimentos que prestan unha axuda de, alomenos, 2 horas diarias	5 puntos
A persoa decide vivir soa cando pode vivir con familiares	2 puntos
A persoa non acepta outro recurso m3is axeitado a s3a situaci3n	0 puntos

b) A persoa convive con familiares ou outras persoas:

Conviven so con menores de 16 anos ou con outra persoa en situaci3n de dependencia recoñecida	20 puntos
O/A coidador/a principal ten recoñecidos, facultativamente, d3ficits na sa3de que lle dificultan a prestaci3n da axuda	15 puntos
O/A coidador/a principal carece de habilidades para atendelo	15 puntos
O/A coidador/a principal traballa toda a xornada	10 puntos
O/A coidador/a principal traballa media xornada	5 puntos
Os familiares est3n sobrecargados e carecen de tempo de lecer	5 puntos
Os familiares que o atenden est3n desocupados e sen cargas familiares	0 punto

FACTOR 3: SITUACI3N FAMILIAR/SOCIALIZACI3N MENORES

3.1 **Conflicto** (m3ximo 4puntos)

Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)	Puntos
--	--------

Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)	
Con mais dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)	
Con mais dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)	

3.2 Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)

Puntos

Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñen importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionarlle unha axeitada atencións aos menores (2 puntos)	
--	--

3.3 Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)

Puntos

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, ...) non poden atender aos menores (2 puntos)	
---	--

3.4 Habilidades parentais(máximo total 2 puntos)

Puntos

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización, ...) (2 puntos)	
--	--

3.5 Número de menores (máximo total 10 puntos)

Puntos

Un menor (3 puntos)	
Dous menores (5 puntos)	
Tres menores (7 puntos)	
Catro ou mais menores (10 puntos)	

Puntos

Total puntos situación socio familiar/socialización menores	
--	--

FACTOR 4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo 20 puntos)

4.1 Vivenda (total 10 puntos)

Puntos

No hai luz eléctrica (1 punto)	
Non hai auga corrente (1 punto)	
Non posúe WC (1 punto)	
Non posúe cuarto de baño completo (1 punto)	
Non ten neveira (1 punto)	
Non ten quentador (1 punto)	
Non ten lavadora (1 punto)	
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)	

4.2 Integración no contorno (total 10 puntos)

Puntos

Situación de illamento ou rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

Puntos

Total puntos outros aspectos sociais	
---	--

Puntos

TOTAL XERAL	
-------------	--

ANEXO III: PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. Datos de identificación do expediente

Expediente	Intervención	Data de solicitude	Data de Inicio

Sector de referencia	Ambito de atención	Núm. total de usuarios

Nome e apelidos	Data de Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil

Proxecto núm.	Data do proxecto	Data fin do proxecto

Antecedentes:

Diagnostico:

2. ATENCIÓN IDÓNEA

L	M	Me	X	V	S	D	Nº horas semanais	Horario

Tipo de Servizo a prestar:

Perfil das/os Profesionais:

3. EXISTENCIA DOUTROS SERVIZOS/APOIOS PRESTADOS NO DOMICILIO:

Existencia:

Tipo de servizos/apoios	Nº horas semanais

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E TAREFAS QUE SE PROPOÑEN:

Obxectivos:

Tarefas:

5. PROPOSTA DE SEGUIMIENTO (mínimo bimensual)

Tecnico/a responsable

Asdo.:

ANEXO IV: PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

ACORDO DE SERVIZO

Reunidos en Rianxo o día dunha parte don/dona..
.....con DNI:.....

E doutra, en calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar de

ACORDAN:

1 Que o Concello de Rianxo prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día _____ do _____ de 200__ , servizo que será prestado por persoal municipal e/ou a entidade prestadora _____, sen prexuízo do que resulta da aplicación da Lei 27/2013 e normativa autonómica aplicable

2 Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará para as persoas usuarias de Dependencia con carácter indefinido e para o caso de acceso a través do procedemento de libre concurrencia por un prazo de _____ meses, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais.

3 Que a intensidade do SAF será de _____ horas mensuais, distribuídas semanalmente nos seguintes días.

4 Que atendendo ao Decreto 99/2012, ao Decreto 149/2013, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula os prezos públicos do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de _____ €/mes, polo que na modalidade de dependencia correspóndelle unha porcentaxe de copago do _____ % sobre a súa capacidade económica, e no caso de libre concurrencia, unha porcentaxe de copago do _____% respecto ao custe do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a aportar _____ € mensuais polo total de horas prestadas.

5 Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono do prezo público do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6 Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- a) Atencións de carácter persoal
- b) Atencións de carácter apoio psicosocial
- c) Atencións de carácter doméstico
- d) Atencións de carácter socio-educativo
- e) Atencións de carácter técnico e complementario

7 Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

8 Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

9 Que a persoa usuaria do servizo queda debidamente informada da existencia e funcionamento do correspondente libro de queixas e reclamacións.

10 Co presente acordo entregáselle á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do SAF debidamente visada polo órgano competente

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan
En a dede 200....

A persoa usuaria O/A técnico/a responsable

INFORME PROPOSTA

Emitido por	Traballadora social dos Servizos Sociais Comunitarios, colexiada núm. _____
Motivo	Inclusión no SAF (Dependencia/Libre Concurrencia)
Data	

1 DATOS DE IDENTIFICACION DA PERSOA USUARIA

NOME E APELIDOS	DNI
ENDEREZO	TELEFONO
NUM. EXPEDIENTE SIUSS	
GRAO E NIVEL DE DEPENDENCIA:	

2 DATOS ECONÓMICOS

- SERVICIO DE DEPENDENCIA

Cap. Económica (SIGAD)		Custo real do servizo	€/mes
Coste hora		€Límite copago (90%)	€/mes
% para ____ horas/mes	%		
Coste para ____ horas/mes			€

- SERVICIO DE LIBRE CONCURRENCIA

Cap. Económica		Custo real do servizo	€/mes
Coste hora		€Límite copago (90%)	€/mes
% sobre a capacidade económica	%		
Coste para ____ horas/mes			€

3 VALORACIÓN DA SOLICITUDE DE SAF

Tendo en conta a lexislación vixente e valorada a situación persoal, social e económica do/a interesado/a que afecta ao presente expediente procede:

- A inclusión do solicitante no SAF polo sistema de _____ iniciándose a prestación do servizo con data _____.
- Que se lle aplique unha porcentaxe do _____% sobre o custo real do servizo e en función do número de horas de prestación que sexan prestadas.
- Que está en lista de espera cunha puntuación de _____ segundo o baremo de acceso ao SAF en vigor.

4 PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

Como responsable técnica do SAF no Concello de Rianxo, considerase que procede a intervención no domicilio da persoa usuaria nos seguintes termos:

- Prestación do SAF ____ hora diaria, de (*día da semana*) a (*día da semana*), contabilizando ____ horas e ____ minutos á semana, por un período de tempo (*Indefinido ou temporal*) mentres se manteñan as circunstancias que deron lugar á concesión do Servizo.
- Que o servizo será prestado, inicialmente, por persoal municipal e/ou entidade prestadora do SAF, coa que colaborará a familia e a persoa usuaria sempre que poidan.
- Que as tarefas a realizar no domicilio son as recollidas no Proxecto de Intervención, o Acordo de Servizo e o Plan de Traballo a asinar polas partes interesadas.

Rianxo, _____ de _____ de _____

A traballadora social Vº Bo

A Concelleira de _____ >>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 26/05/2014, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, amosa a súa conformidade.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que está a favor.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, expón as modificacións operadas; di que a Xunta de Galicia debería facerse cargo dos servizos sociais por causa do estipulado na Lei 27/2013, se ben ata 2015 en principio as afronta o concello. Compre ter en conta que posteriormente podería levalo o concello pero financiando ao 100% a Xunta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos presentes con 13 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos do PP), dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.- DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE AXUDA NO FOGAR E ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<O artigo 61 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento, modificouse pola Disposición Final Primeira do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, da certera de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia e determina o sistema de participación das persoas usuarias do servizo na financiación do mesmo. A nova redacción de dito artigo do Decreto 99/2012 impón a necesaria modificación das tarifas da ordenanza fiscal reguladora do SAF.

Asemade, clarifícase a natureza da contraprestación económica pola prestación do servizo. Duna banda, a Lei de Economía Sostible, de 4 de marzo, modifica a redacción dada ao artigo 2.2.a) da Lei Xeral Tributaria (vid. D.T. 48^a), polo que a doutrina maioritaria ven de considerar que se opera unha volta á interpretación xurisprudencial anterior (STS de 2 de xullo de 1999). O mesmo criterio segue a Axencia Tributaria no seu informe ie0491-11. Por outra banda, o Texto Refundido da Lei Reguladora de fachendas Locais, ao delimitar o concepto de prezo público no artigo 40, exclúe da consideración, os recursos pola prestación de servizos ou realización de actividades que sexan de solicitude ou recepción obrigatoria ou que sexan prestados unicamente polo sector público.

A tenor do anterior, considérase que os importes que abonen os usuarios/as do SAF revisten a natureza de prezos públicos.

Consta estudo económico da Tesourería municipal así como informe de intervención ao respecto.

Polo exposto, e en exercizo das competencias atribuídas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Derrogar a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar. A derogación xurdirá efectos o mesmo día da entrada en vigor do acordo de establecemento do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar

Segundo. Establecer o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dacordo coa

seguinte proposta (anexo)

Terceiro. Declarar a concorrencia de razón sociais e de interese público que xustifican a fixación dun prezo público por debaixo do custo do servizo prestado, comprometéndose a dotar non orzamentos a dotación presupostaria oportuna para a cobertura de diferenza correspondente.

Cuarto. Someter dita ordenanza a información pública, dacordo co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, con publicación no BOP de A Coruña e no Taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que consideren

Cinco. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no prazo de exposición pública, considerarase aprobado definitivamente o establecemento do prezo público, sen necesidade de acordo expreso, debendo publicarse no BOP de A Coruña e no taboleiro de Anuncios do Concello o acordo de elevación a definitivo da proposta

Seis. Facultar ao Sr. Alcalde para suscribir e firmar toda clase de documentos relacionados con este expediente.

ANEXO:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 1.- Fundamento

De conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar

Artigo 2.-Concepto

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha contraprestación pecuniaria que se satisfará polos usuarios que soliciten a prestación do servizo de axuda no fogar e lles sea concedido nos termos previstos no Regulamento do Servizo

Artigo 3.-Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quenes se beneficien da prestación do servizo de axuda no fogar prestado polo Concello de Rianxo. No suposto de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quenes ostentes a súa representación legal.

Artigo 4.-Contía

1. Pola prestación do servizo de axuda no fogar establécese un custo de 11,86€/hora

Os criterios de participación no financiamento do custo do servizo de axuda no fogar polos obrigados ao pagamento serán os seguintes:

4.1.-Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar.

a) No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

b) Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00%	0,00%	0,00%	0,00%
115,00%	4,52%	9,61%	14,70%
125,00%	5,41%	11,50%	17,58%
150,00%	5,55%	11,79%	18,03%
175,00%	5,65%	12,00%	18,35%
200,00%	5,72%	12,16%	18,60%
215,00%	5,81%	12,34%	18,87%
250,00%	6,03%	12,82%	19,61%
300,00%	6,24%	13,26%	20,29%
350,00%	6,42%	13,63%	20,85%
400,00%	6,54%	13,90%	21,25%
450,00%	6,63%	14,09%	21,55%
500,00%	6,70%	14,25%	21,79%
>500%	6,7%	14,36%	21,97%

c. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

d. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

e. No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e	Servizo de préstamo de axudas técnicas

Ata	desenvolvimento de hábitos saudáveis			desenvolvimento de hábitos saudáveis			desenvolvimento de hábitos saudáveis		
	<=15			<=28			<=45		
100,00%	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

4.2.–Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia.

a) Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula a participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita de acordo co establecido no artigo 5 desta ordenanza:

CAPACIDADE ECONÓMICA		Participación no custe do servizo de SAF básico
Inferior ao 0,80 IPREM	<426,00 €	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,30 IPREM	>426,01 € =< 692,26 €	10%
Maior de 1,30 e menor ou igual a 1,50 IPREM	>692,27 € =< 798,76 €	15%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,75 IPREM	>798,77 € =< 931,89 €	25%
Maior de 1,75 e menor ou igual a 2 IPREM	>931,90 € =< 1.065,02 €	30%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,25 IPREM	>1.065,02 € =< 1.198,15 €	40%
Maior de 2,25 e menor ou igual a 2,50 IPREM	>1.198,15 € =< 1.331,27 €	50%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 3 IPREM	>1.331,28 € =< 1.597,53 €	60%
Maior de 3 e menor ou igual a 3,50 IPREM	>1.597,54 € =< 1.863,78 €	65%
Maior de 3,50 e menor ou igual a 4 IPREM	>1.863,79 € =< 2.130,04 €	70%
Maior de 4 e menor ou igual a 4,50 IPREM	>2.130,05 € =< 2.396,29 €	75%
Maior de 4,50 e menor ou igual a 5 IPREM	>2.396,30 € =< 2.662,55 €	80%
Maior de 5 e menor ou igual a 5,50 IPREM	>2.662,56 € =< 2.928,80 €	85%

Maior de 5,50 IPREM	>2.928,81 €	90%
---------------------	-------------	-----

b). Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

c) En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 5.– Determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar.

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 6.–Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos en que se aplique o copagamento

1. No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos seguintes criterios:

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 7.–Beneficios fiscais.

Non se outorgarán beneficios, salvo os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados dos tratados internacionais.

Artigo 8.–Obriga de pago

1. A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do SAF
2. Cando por causas non imputables ao usuario, o servizo non se preste, procederá a devolución do importe correspondente

Artigo 9.–Normas de xestión

1. O CONCELLO, INICIADA A PRESTACIÓN DO SAF, APROBARÁ A LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE, NA QUE FIGURARÁN OS DATOS PRECISOS PARA A DETERMINACIÓN DO IMPORTE CORRESPONDENTE A DITA MENSUALIDADE

2. No suposto de suspensión temporal do servizo a comunicación farase con 10 días naturais anteriores a aquel en que deba facerse efectiva a suspensión, sempre que fora posible tal comunicación previa. Si suspensión está debidamente xustificada, e previo informe favorable do/a traballador social, os obrigados ao pago terán dereito á devolución da coantía correspondente ao período de suspensión, regularizándose na primeira mensuralidade trala reanudación do servizo

4. O pagamento farase nos primeiros quince días de cada mes, mediante domiciliación bancaria.

Disposición adicional

A modificación da tarifa do prezo público establecido nesta ordenanza precisará de acordo plenario, previa proposta da área correspondente na que se incluíra informe no que se acredite que a tarifa cubre como mínimo o custo do servizo ou, no caso de que non o cubra, indicará as razóns sociais, benéficas ou de interese público que o aconsellen fixar por debaixo dese límite

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor no prazo de 15 días seguintes á súa publicación no BOP>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 26/05/2014, sendo este favorable.

O alcalde di que estes tipos de servizos deberían estar asegurados para toda a cidadanía, son servizos deficientes, polo de agora os concellos o afrontaron.

Ábrese o **DEBATE**:

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, amosa a súa conformidade.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que está a favor.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian, engade que a Xunta de Galicia impón por Decreto; o certo é que estas cuantías afectaron aos cidadáns. O concello tratou de subir o mínimo posible nas rendas mais baixas e subir mais para compensar as rendas altas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos presentes con 13 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos do PP), dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

6.- APOIAR A DECLARACIÓN DA FESTA DA XOUBA COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<O día 16/05/2014 (Rxe Nº 2774) a Asociación Rianxeira de Empresarios como entidade organizadora da Festa da Xouba en colaboración co Concello de Rianxo, presenta unha memoria cara a acadar o apoio do pleno municipal para a declaración daquela como Festa de interese turístico de Galicia.

A regulación da mencionada declaración contense no Decreto 39/2001 do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico. (DOG Nº 36 do martes 20 de febreiro de 2001).

Na memoria presentada ao abeiro do artigo 25.3 do Decreto xustifícase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 23:

- Certificado de antigüidade de máis de dez anos de celebración da citada festa
- Singularidade da festa
- Arraigamento
- Valor cultural

Ademais nela figura a documentación da que resulta:

- Data de orixe da festa
- Data de celebración
- Afluencia de visitantes
- Existencia de infraestructuras e equipamentos suficientes para a recepción dos visitantes
- Documentación gráfica e outra documentación que apoia a petición

Estimándose fundamentado o interese do que participa este concello cara a obtención da devandita declaración, esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte ACORDO:

Primeiro: Solicitar a declaración da Festa da Xouba como Festa de interese turístico de Galicia, conforme ao artigo 25 do Decreto 39/2001, remitindo toda a documentación precisa para tal fin á Consellería competente.

Segundo: Notificar o devandito acordo á entidade solicitante para que continúe a tramitación do expediente.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE CULTURA, TURISMO E NORMALIZACIÓN LINGUISTICA, do día 26/05/2014, sendo este favorable.

O alcalde comenta que é unha festa ininterrompida pola súa antigüidade e que agás o ano pasado por causa do accidente ferroviario de Angrois, celebrouse dende moitos anos.

Ábrese o **DEBATE**:

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, amosa a súa conformidade.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que está a favor, engade que é a festa mais antiga da comarca e posiblemente de Galicia, cumpre todos os requisitos e por ilo debese apoiar esta iniciativa da Asociación de empresarios de Rianxo. Ademais si acadan esta declaración entraran no circuíto de promoción turística da Xunta de Galicia polo que felicita ao novo equipo do ARE pero tamén quere lembrar aos impulsores, os sres. Anxo Cristobo, Bernadino González e Felipe Ordoñez.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian, por ter que ver coa nosa tradición mariñeira.

O alcalde remata o turno de intervención dándolle os parabéns ao traballo tanto presentado para obter a declaración como o que suporá unha vez obtida, algo que naceu por esta asociación e que agora pode obter un recoñecemento oficial.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos presentes con 13 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos do PP), dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

7.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

7.1.- MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE AROUSA NORTE

a) URXENCIA DA MOCIÓN

O alcalde presenta este asunto como moción debido á urxencia na necesidade de remitila á Mancomunidade Arousa Norte para adaptala á Lei 27/2013 en prazo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 13 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN

O alcalde comenta o texto da moción que unicamente contempla a aprobación dos estatutos novos remitidos pola Mancomunidade nos termos en que se aprobaron polo pleno desa entidade.

<<Pola Mancomunidade Arousa Norte da que forma parte este Concello, remitiuse copia do expediente relativo á modificación dos seus Estatutos coa finalidade de adaptalos á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O art. 143 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, recolle o procedemento de modificación dos estatutos das mancomunidades de concellos, e no seu apartado c) establece que finalizado o prazo de exposición pública e recibidos os informes a que se refire o apartado anterior o transcrito o prazo de un mes sen que foran emitidos, someterase o acordo de modificación dos estatutos ou de disolución da mancomunidade aos plenos dos Concellos mancomunados. A adopción do dito acordo, que resolverá tamén as alegacións, en caso de que éstas foran presentadas, requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das Corporacións.

Vistos os antecedentes que figuran no acordo adoptado polo Pleno da Mancomunidade Arousa Norte, na sesión celebrada o 14 de maio de 2014.

Constando o certificado da secretaria da mancomunidade da falta de alegacións no periodo d exposición pública.

Emitido informe da secretaria municipal ao respecto o 27/05/2014.

Esta Alcaldía, propón ao Pleno da Corporación como órgano competente, a adopción do presente ACORDO:

Primeiro: aprobar a enmenda do art. 5 para adaptar os estatutos ao requirido pola Dirección Xeral de Admón. Local no seu informe de 7 de abril de 2014 e aprobar a modificación dos estatutos da Mancomunidade Arousa Norte, todo elo, nos termos que figuran no acordo adoptado polo Pleno da Mancomunidade Arousa Norte na sesión celebrada o 14 de maio de 2014.

Segundo: remitir o presente acordo á Mancomunidade Arousa Norte para os efectos de súa posterior remisión á Xunta de Galicia, e continuación da tramitación, publicación e efectos.

ANEXO novos estatutos Mancomunidade Arousa Norte:

CAPITULO I.-DISPOSICIONS XERAIS. CONSTITUCIÓN, DENOMINACIÓN, CAPACIDADE E RÉXIMEN XURÍDICO.

Artigo 1. Da vontade constitutiva.

O amparo do previsto no art. 44 da Ley 7/85, do 2 de Abril Reguladora das Bases, do Réxime Local, modificada pola Ley 11/99, do 21 de Abril, 135 da Ley 5/97, do 2 de Xullo, do Réxime Local de Galicia e 31 do RD 1690/86, do 11 de Xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación de Demarcación Territorial das Entidades Locais, os Concellos de Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal e Ribeira, con continuidade territorial, acordaron constituírse en Mancomunidadee Voluntaria Intermunicipal para obras e servicios da competencia municipal, que se rexirá polo presentes Estatutos.

Artigo 2.Da denominación e capitalidade e ámbito territorial.

1.- A expresada Entidade, denominada "Mancomunidade de Municipios Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira", en extracto "Mancomunidade Ría de Arousa Zona Norte" terá a súa sede administrativa no concello de Boiro, Praza de Galicia s/n.

2.- A Mancomunidade disporá de capacidade xurídica plena para o cumprimento das suas fins, e en consecuencia poderá adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar e enaxenar bens propios, celebrar contratos, establecer e explotar servicios públicos e exercer accións de toda clase previstas nas leis.

3.-O ámbito territorial da Mancomunidade abrangerá o termo municipal dos concellos integrantes.

Artigo 3. Organos de Goberno.

1.- O Goberno e Administración da Mancomunidade corresponde a Comisión Xestora integrada por un Presidente, un Vicepresidente, os Vocais que se sinalan no apartado seguinte e un Secretario pertencente a Escala de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional, de conformidade co establecido no número 2 do artigo 5. A Comisión Xestora asumirá as competencias co ordenamento xurídico atribúe ao Pleno.

2.- Presidente:- Será Presidente nato o Alcalde do Municipio de cada Concello por prazo dun ano natural, contado a partir da Comisión Xestora de cambio de órganos directivos, sen prexuício de que o primeiro Presidente serao polo período comprendido a partir da aprobación destes Estatutos e o ano seguinte, iniciándose o turno polo da Pobra do Caramiñal, continuando polo de Boiro, correspondendo cada terceiro ano o de Ribeira e o cuarto o de Rianxo. O Presidente asumirá as competencias co ordenamento xurídico atribúe ao Alcalde. Corresponderalle ao Presidente da Mancomunidade o exercicio de cantas competencias non estean atribuídas á Comisión Xestora, sen prexuício de que aquél decida sometelas á consideración e resolución da citada Comisión.

Vicepresidente:- Será Vicepresidente o Alcalde o que corresponda a Presidencia o ano seguinte.

Vocais:- Son vocais natos os Alcaldes dos Municipios sen prexuício da delegación que istos poidan efectuar en Concelleiros das súas respectivas Corporacións ó amparo do disposto na normativa vixente.

3.- Os actos e acordos da Comisión Xestora axustaranse os preceptos legais que rixen o funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais.

4.- A representación da Mancomunidade corresponderá o Presidente e, no seu defecto, será substituído polo Vicepresidente.

5.- A Comisión Especial de Contas será de existencia preceptiva segundo o marcado polo art 116 da lei 7/1985 de 2 de abril, correspondéndolle o exame, estudo e ditame das contas orzamentarias e extraorzamentarias que deba aprobar a Comisión Xestora e en especial da Conta Xeral que debe rendir a Mancomunidade. Asemade, A Comisión Xestora poderá crear as Comisións Informativas que se requiran en función do número de servizos que a Mancomunidade preste.

Artigo 4. Da periodicidade das Sesións e réximen de adopción de acordos.

1.- A Comisión xestora_celebrará sesión ordinaria unha vez cada dous meses e as extraordinarias que pola súa iniciativa convoque o Presidente ou soliciten por escrito razoado como mínimo tres vocais. En consonancia co apuntado no Artigo anterior no suposto de non existir algún dos Alcaldes dos Concellos, éstos poderán designar substitutos a favor do membro da Corporación respectiva que estimen pertinente.

2.- As sesións celebraranse na Casa do concello de Boiro salvo que por algunha circunstancia o Presidente ou a maioría dos vocais acorden celebrar algunha delas na Consistorial de outro ou outros Municipios Mancomunados.

3.- O Presidente convocará ós membros da Mancomunidade a lo menos coa antelación de dous días hábiles antes, polo menos, da fixada para a Sesión, remitíndose a orde do día comprensivo dos asuntos a tratar e os borradores das actas das sesións anteriores que deban ser aprobadas.

A partir da convocatoria, os vocais terán a súa disposición o expediente e cantos antecedentes se relacionen cos asuntos que figuren nela, co obxecto de que poidan coñecerlos antes de deliberar.

Quedaría acordado o que vote a maioría, xa se celebre a sesión en primeira ou segunda convocatoria, excepto nos supostos enumerados no apartado 4 deste mesmo artigo ou naqueles outros no que a Ley esixa "quórum especial".

4. Será preciso o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da Mancomunidade para a validez dos acordos que se adopten sobre as materias seguintes:

- a) Alteración do nome ou da capitalidade da Mancomunidade.
- b) Disolución da Mancomunidade.
- c) A modificación dos Estatutos e Ordenanzas da Mancomunidade.
- d) A adhesión a Mancomunidade doutros Concellos a aqueles a quen lles interese ou se encontren comprendidos nas condicións previstas nos Estatutos da Mancomunidade.
- e) A exención de bens cando a súa cuantía exceda do 20 % do presuposto ordinario de ingresos da Mancomunidade.
- f) Ordenanzas e Regulamentos de Réximen Interior e Explotación de Servizos.
- g) Concesións e arrendamentos de bens e servizos por mais de cinco anos e sempre ca súa cuantía exceda do 20 % do presuposto ordinario de ingresos.
- h) Emisión de empréstitos, contratación de préstamos e concesións de quitas e esperas.

Artigo 5. Do Secretario da Mancomunidade.

De conformidade co disposto na normativa reguladora do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a Mancomunidade contará cun Secretario-Interventor.

As funcións de Secretario/a-Interventor/a da Mancomunidade serán exercidas por un habilitado/a nacional, dacordo coa normativa que regula ditos corpos e as competencias delegadas na Xunta de Galicia en relación cos mesmos.

Artigo 6. Do Interventor e Tesoureiro da Mancomunidade.

As funcións de tesorero/a serán exercidas por un membro designado pola Comisión Xestora, e por maioría absoluta, entre os membros que representan ás entidades locais consorciadas.

CAPITULO II.- FINS DA MANCOMUNIDADE

Artigo 7. Obxecto e competencia da Mancomunidade.

A Mancomunidade ten por obxectivo xuntar esforzos e posibilidades económicas dos municipios agrupados para a execución de obras e instalacións e sostemento dos servizos de interese común, e, en especial, o seguinte:

- a) Turismo: fomento e explotación do turismo.
- b) Servizos de extinción de incendios.

Artigo 8. Das actuacións prioritarias

A Comisión Xestora concederá prioridade ó desenrolo daquelas fins de maior interese comunitario, e é da súa competencia toda actividade conducente a realización dos proxectos, aplicando o gasto as subvencións dos Concellos e demais recursos de que poidan dispor.

Artigo 9. Da voluntaria exclusión dos Plans de Obras e Servizos.

No suposto de que algún Concello desexe ser excluído dalgún Plan de Obras e instalacións e sostementos de servizos terá que manifesta-lo ante a Comisión Xestora mediante acordo motivado que xustifique a non adhesión.

CAPITULO III. RECURSOS ECONÓMICOS DA MANCOMUNIDADE.

Artigo 10.- Dos recursos económicos da Mancomunidade.

Constitúen recursos económicos da Mancomunidade:

- a) O capital fundacional que aporten os Concellos conforme o número 2 deste artigo.
- b) As aportacións anuais dos mesmos para os gastos ordinarios da Mancomunidade.
- c) As subvencións e donativos que se obteñan do Estado, Deputación Provincial e de outras Corporacións e organismos de carácter público ou privado.
- d) As cantidades que en calidade de empréstitos oficiais poidan obterse en análogos casos nos que se concedan os Concellos e Mancomunidade.
- e) Os rendementos da explotación de servizos.
- f) Calesqueira outros recursos eventuais ou extraordinarios que porten.
- g) Aquelas outras exaccións que se autoricen.

2.- O capital fundacional o que alude o apartado a) deste artigo fíxase inicialmente en 9.015, 19 euros (1.500.000 ptas) e constitúese cunha aportación extraordinaria dos Concellos asociados en proporción a súa poboación de dereito.

Artigo 11.-Da elaboración do orzamento.

1.- A Comisión xestora formará anualmente un orzamento ordinario para o sostenimento dos gastos dos seus servizos. O estado de ingresos deste orzamento nutrirase dos recursos enunciados nas letras a), b), c) e e) do artigo 10, sendo as aportacións necesarias dos Concellos en partes iguais por concello.

2.-A Comisión Xestora formará tamén orzamentos extraordinarios para costear a execución das obras e servizos de primeiro establecemento e, cando os recursos de que dispoña non sexan suficientes completaranse as consignacións con aportacións dos Concellos en proporción directa ó interese ou utilidade pública da poboación de cada Concello, a cuio efecto a Comisión Xestora estimará a cantidade que signifique e a someterá a coñecemento dos Concellos interesados para que no prazo dun mes se pronuncien expresamente en canto a si aceptan ou non a cantidade asignada. O silencio interpretarase con asentimento tácito da estimación feita.

3.-Nos casos nos que non se poida determinar concretamente a especial utilidade ou interese da obra ou servizo de que se trate, a Comisión Xestora fixará as cuotas de participación e as comunicará razonadamente ós Concellos a iguais efectos que no caso anterior.

Artigo 12. Da ordenación de pagos

1.- O Presidente da Mancomunidade exercerá as funcións de ordenador de pagos e as demais que en materia económica correspondan ó Alcalde segundo a normativa de réxime local.

2.- A contabilidade corre a cargo do Interventor da Mancomunidade que a suxeitará a normativa das Corporacións Locais.

3.- A terminación do exercicio presupuestario, a Mancomunidade formará a Conta Xeral, que poñerá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiros, patrimonial e orzamentario.

CAPITULO IV.- DURACIÓN DA MANCOMUNIDADE, ADHESIÓN E DISOLUCIÓN

Artigo 13.- Da duración da Mancomunidade.

Dado o carácter das fins a cumprir por esta Entidade intermunicipal a súa duración é indefinida, comenzando o seu funcionamento legal na data en que apareza no DOG o Decreto de aprobación destes Estatutos, sen prexuício da súa posterior remisión a Administración Central do Estado os efectos establecidos pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local.

Artigo 14. Da adhesión de novos Municipios.

1.- Poderán adherirse a esta Mancomunidade, previa aceptación íntegra destes Estatutos, os Concellos ubicados na Ría de Arousa-Zona Norte ou aqueles cuos límites teñan continuidade territorial con algún dos integrantes da mesma.

2.- Os trámites para levar a cabo a adhesión serán os establecidos nos artg. 135 e ss da Ley 5/97, do 22 de Xullo do Réxime Local de Galicia e no artigo 36 do Regulamento do RD 1690/86, do 11 de Xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.

Artigo 15.- Da disolución da Mancomunidade.

1.- A disolución desta Mancomunidade só terá lugar cando a Comisión Xestora o acorde e previo informe favorable adoptado polos Plenos respectivos, seguíndose a continuación o procedemento previsto no art. 143 da Ley 5/97, do 22 de Xullo, do Réxime Local de Galicia.

2.- No obstante ó anterior calquera Concello pode solicitar a separación da Mancomunidade mediante acordo razonado do seu Pleno Municipal.

3.- No caso de disolución ou de separación dalgún dos seus membros, practicarase liquidación económica e o resultado positivo ou negativo do balance será atribuído os Concellos que integraban a Mancomunidade en igual proporción a que tiñan asignada para cubri-las aportacións ordinarias e extraordinarias.

4.-No suposto de que un municipio decida unilateralmente separarse da mancomunidade, o manifestará cun ano de antelación, sen deixar de cumprir cos compromisos contraídos nese prazo.

5.- Adoptado-os acordos de disolución da Mancomunidade o Presidente remitirá copia certificada dos mesmo a Consellería competente en materia de réxime local para a súa íntegra publicación no DOG e comunicaraos a Administración Central do Estado os efectos establecidos pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local.

CAPÍTULO V.- DOS ESTATUTOS.

Artigo 16. Dos Estatutos.

Os presentes Estatutos, unha vez aprobados polo órgano competente previsto na lexislación vixente en materia de Réxime Local constituirán a norma expresa e de obrigado cumprimento para os Concellos integrados na Mancomunidade.

Calquera modificación dos Estatutos esixirá os mesmo trámites formais que para a súa redacción e aprobación.

No previsto nos presentes Estatutos será de aplicación Ley 7/85, do 2 de Abril Reguladora das Bases, de Réxime Local, modificada por Ley 11/99, de 21 de Abril, a Ley 5/97, do 2 de Xullo, do Réxime Local de Galicia, o RD 1690/86, do 11 de Xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, o Real Decreto 2568/86, do 28 de Novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Real Decreto 1372/86, do 13 de Xullo, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como cantas outras normas de rango legal ou regulamentario resulten de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

Primeira:- Das ordenanzas e Regulamentos de réxime interior.

A Comisión Xestora poderá redactar e aprobar ordenanzas e Regulamentos de Réxime Interior e Explotación e de servizos, así como dictar normas de procedemento dentro das súas atribucións regulamentarias, sempre que non contradigan os presentes Estatutos e normativa que resulte de aplicación.

Segunda:- Do programa de actuación

A Comisión Xestora confeccionará un programa de actuación de tantos anos como Municipios forme a Mancomunidade, na que, co debido detalle, concentraránse as obras e servizos a executar así como a súa preferencia. Asemade detallarase o presuposto, fases de execución e calesqueira outro dato que facilite a súa posta en marcha.

De dito Programa darase conta as Corporacións Locais respectivas e será exposto o público e, previo cumprimento dos demais trámites legais e regulamentarios vinculará as órdes de goberno da Mancomunidade en canto se refire a súa execución, prelación, inversións, etc.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os presentes Estatutos, unha vez aprobados pola totalidade dos Concellos Mancomunados remitirase a Diputación Provincial de A Coruña para a emisión do informe preceptivo o que fai referencia o art. 143.1.B da Ley 5/97, do 22 de Xullo, do Réximen Local de Galicia e o art. 35.1b do RD 1690/86, do 11 de Xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais e emitido éste, entregarase a Subdelegación do Goberno para a súa posterior remisión a Delegación de Goberno en Galicia coa fin de completar o trámite de aprobación o que fai referencia a normativa aplicable. Igual trámite completaráse coa Administración Autonómica.>>

Ábrese o DEBATE:

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que se van abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que apoian a modificación dos estatutos e explica os motivos, estima que é bo porque son acordos que benefician aos catro concellos. E certo que se traballa no plano local pero tamén é importante tomar decisións de carácter comarcal. Tamén engade que algunhas decisións tomadas (o hospital, ou o parque de incendios) non se mancomunaron e se levaron a outros concellos gobernados polo PP, o que prexudicou de xeito egoísta ao resta da comarca, sen unha visión ampla. Queixase de que tal e como esta constituída a Mancomunidade non se da entrada aos diferentes partidos políticos e aos factores sociais, e económicos da comarca. E unha magoa pero a maioría a ten o PP na Mancomunidade pero aínda así apoia a modificación dos estatutos, se ben precisaría doutras modificacións.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que ten criticado ao BNG a Mancomunidade pero cando se teñen sometido propostas temas comúns a apoian. Alégralle que o PSOE agora se estrañe de non haber participado outros partidos políticos de xeito que se poda obter a visión ampla das necesidades dos veciños da comarca. Desexaría que as cousas cambiaran e que ao final as modificacións son precisas para seguir facendo o mesmo.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran pregunta quen formulou a proposta da Mancomunidade.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, dille que a Mancomunidade, pero sen ela cabe que haxa unha disolución, é unha esixencia legal.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran recorda que alí tamén está o goberno de Rianxo.

O alcalde engade que é certo o comentado pero tampouco a Mancomunidade non pode ser unha xaula de grilos, senón que se procura chegar a un acordo que sea bo para toda a Mancomunidade, que si non se obtén a maioría absoluta non se aproba e traerase para outro pleno a semana que ven.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran di que se absteñen porque normalmente se absteñen nas mocións da urxencia, engade que si tiveran a información a tempo poderían manifestar o seu voto doutro xeito, pero que por eles non vai quedar que non se aprobe a modificación e ter que facer outro pleno e pagalo.

O alcalde insiste en que si non se aproba por maioría absoluta haberá que repetir o pleno.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos presentes con 13 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos do PP), dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

Saen as concelleiras Ana Eitor e Nieves Varela ás 21:05 minutos

A Presidencia pregunta se hai mocións dos grupos.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

7.2. MOCION DO BNG SOBRE A REBAIXA DE PEAXES NA AP-9 E O TRASPASO DA SÚA TITULARIDADE A GALIZA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia na súa incidencia nos bolsillos dos galegos que as empregan diariamente sen que por outra banda se mellore o servizo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 11 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE, 3 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

<<O BNG leva demandando desde o inicio da grave crise económica que se tomen medidas para que a AP-9 exerza como unha vía de comunicación que vertebre o territorio e sexa accesíbel para todas as galegas e galegos. Nomeadamente, o BNG presentou iniciativas tanto no Parlamento de Galiza como no Congreso dos Deputados para demandar, entre outras medidas, que se conxelen ou se reduzan os prezos das peaxes na autopista do Atlántico. Porén, tanto a Xunta de Galiza como o Goberno do Estado español fan ouvidos xordos ás propostas do BNG, que, en realidade, son unha demanda social da maioría de galegos e galegas, tamén no noso concello, pola imposibilidade económica de pagar peaxes inasumíbeis en momentos de tantas dificultades económicas.

Sen ir máis lonxe, o pasado 11 de marzo a Comisión de Fomento do Congreso rexeitaba, debido á oposición do PP, unha proposición non de lei do BNG que instaba ao Goberno do Estado español a anular calquera incremento de peaxes para este ano, así como a conversión da AP-9 nunha autopista pública e gratuíta.

A AP-9 parte dun deseño de infraestruturas terrestres deseñado en Madrid, de xeito centralista e radial, alleo á realidade do país. Resulta significativo que o gasto en peaxes ao viaxar entre Madrid e Ferrol sexa menor (16,20 euros) que viaxar entre Ferrol e Vigo (17,65 euros).

A privatización da autoestrada está a significar grandes incrementos das peaxes. Así, desde a privatización de AUDASA no 2003 (actualmente propiedade de Itinere e á súa vez en mans dun fondo especulativo norteamericano) incrementouse nun 50% as tarifas entre A Coruña e Vigo, pasando de 10,28 a 15,35 euros. Ademais, a concesión foi ampliada até o ano 2048 baixo o Goberno presidido por Aznar, unha explotación que outorga grandes beneficios económicos a esta empresa por unha infraestrutura que está máis que amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria, que ascenderon a 275 millóns de euros desde o ano 2008. No período comprendido entre o ano 2001 e o 2012, os beneficios desta empresa ascenderon a 1.270 millóns de euros, un incremento do 61% a pesar de que o número de persoas usuarias

apenas se incrementou. A concesionaria sempre gaña, haxa ou non haxa tráfico, xa que se se reduce o tráfico, incrementábase a tarifa por vehículo. AUDASA nunca perde.

Os beneficios nin sequera repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfaltado en moitos tramos e até diminuíu o número de cobradores. Esta autoestrada rexistra colas de horas en períodos estivais ou datas sinaladas sen se adoptaren medidas de ningún tipo. Mesmo os clientes habituais da AP-9 non poden beneficiarse dos descontos polo uso frecuente, uns descontos que Itinere si ofrece noutras autoestradas do Estado español.

Estas condicións supoñen un claro abuso, e así o entende a sociedade galega que non ten máis remedio que optar pola vella N-550, duplicando os tempos de viaxe, mesmo con risco para a seguranza debido ao seu mal estado. A AP-9, xa suficientemente explotada a mans privadas, debería ser un servizo público gratuito que servise para vertebrar o territorio galego e facilitar as comunicacións.

Porén, a Xunta de Galiza mira para outro lado e o Goberno do Estado español anuncia o rescate de nove autoestradas en situación de concurso de acredores, a maioría delas en Madrid, con diñeiro de todos os contribuíntes do Estado español. Así, o PP continúa a rescatar as grandes construtoras e á banca con diñeiro público. No caso das autoestradas madrileñas fracasadas, todo o mundo sabe que eran proxectos errados desde o inicio mais que se construíron para beneficio de determinadas construtoras. É evidente que o PP está velando polos intereses de coñecidas empresas ou bancos en lugar de atender o interese xeral da cidadanía. Do mesmo xeito, resulta evidente que a estrutura centralista do Estado español favorece os intereses da metrópole madrileña en detrimento de nacións periféricas como Galiza.

Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galiza deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega. É preciso que o presidente da Xunta lidere un proceso que conduza nunha primeira instancia á redución das peaxes, nun mínimo do 32% que é o que subiron desde que se iniciou a crise, á aplicación de descontos e melloras na autoestrada, e que ese proceso conclúa co remate da explotación privada da AP-9 para ser unha autoestrada pública e gratuita de titularidade galega.

ACORDO

Por todo o exposto, o Pleno do Concello insta ao presidente da Xunta de Galiza a:

1. Xestionar coa concesionaria da autoestrada do Atlántico, AP-9, a rebaixa dos prezos das peaxes en, cando menos, un 32%, que é a porcentaxe de aumento das tarifas desde o inicio da crise económica no ano 2007.
2. Instar a Itinere a que aplique, polo uso frecuente, descontos análogos aos que aplica noutras autoestradas do Estado español.
3. Esixir á empresa concesionaria a que repercuta as súas multimillonarios beneficios na mellora da autoestrada que adoece de deficiencias en moitos dos seus tramos, e na mellora da calidade do servizo que experimentou un empeoramento significativo.
4. Demandar do Goberno do Estado español a que proceda á finalización da explotación privada da AP-9 en mans de AUDASA para convertela nunha autopista pública gratuita que cumpra coa súa función de rede de comunicación que vertebra todo o territorio galego de norte a sur.
5. Posicionarse en contra do fraudulento rescate das autoestradas madrileñas.>>

O alcalde abre o turno de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que os acordos que se propoñen na moción supoñen un descoñecemento da realidade, e ao mesmo tempo, unha clara intención de atribuírle responsabilidades a quen non lle corresponde. En primeiro lugar, a quen correspondería dirixirse sería ao Ministerio de Fomento ou ao Goberno do Estado, xa que a AP-9 é un dos itinerarios denominados de interese xeral do Estado, e polo tanto, e de momento, da súa exclusiva competencia. Ao Presidente da Xunta de Galicia non lle compete ningunha xestión coa concesionaria da AP-9 nin formularlle ningunha esixencia en relación coa prestación dun servizo concesionado polo Estado. Pola súa parte, a Xunta de Galicia xa ten levado a cabo un importante esforzo para implantar avantaxase nas vías con peaxe da súa competencia (A Coruña-Carballo e Val Millor) con descontos para usuarios habituais e conxelación das subas no último ano. Por parte do Goberno Galego tamén se está a demandar desde hai anos -en consonancia cos acordos parlamentarios ao respecto- a transferencia da AP-9 á Comunidade galega, para tratar de implantar unha maior harmonización e melloras nas peaxes no noso territorio. Iso non significa un rescate que, evidentemente, tería un elevado custo público a repercutir no conxunto dos cidadáns.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que apoian a

moción.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, por alusións di que sí lle compete ao Presidente da Xunta de Galicia como presidente de todos os galegos e galegas.

O alcalde remata o debate recoñecendo que a voceira do PP ten razón no relativo a petición de traspaso dese vial polo Presidente da Xunta de Galicia pero está visto que non ten forza suficiente no partido xa que non o acadou. Igualmente engade que falta unha alternativa real para Coruña a Vigo que si existe no resto do territorio autonómico, así vese no tramo de Padrón a Pontecesures que coa cantidade de transportes de mercancías que os usan parece mentira que aínda hoxe non haxa autovía.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 8 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE), sendo en contra 3 (os dos do PP) dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

7.3.- MOCION DO BNG PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia na grave demora reiterada na tramitación destas axudas e polo tanto o incumprimento da Lei 10/2013.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 11 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE, 3 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

<<No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: "Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións (que en Rianxo foron denegadas 14 de 18 solicitudes) que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa propia natureza deben resolverse con urxencia."

En Rianxo das 6 favorables tardouse máis dous dous meses, algunhas atas 6 meses, e para darlle unha cuantía de 37, 57 euros unha burla, para situacións de extrema necesidade.

Nesta liña, este concello de Rianxo e as persoas que necesitaban estas axudas denunciámos os atrasos de máis de sete ou oito meses eo incumprimento nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a *Lei de Inclusión de Galiza* recolle o seguinte:

"Artigo 37. Resolución

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver."

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este

respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante a crise, converte en papel mollado os progandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa *Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza* que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.
2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.>>

O alcalde abre o turno de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que é eticamente cuestionable empregar este tipo de expedientes para facer oposición. A crise económica ten dado lugar a consecuencias dolorosas como é o incremento de persoas en risco de exclusión social. O Goberno da xunta de Galicia incrementou o orzamento destinado a tal fin de xeito progresivo e importante ano tras ano dende o 2010, e acaba de aprobar unha ampliación de crédito de 2,6 millóns de euros destinándose así uns 42 millóns de euros. A Xunta de Galicia é consciente da difícil situación que están a pasar moitos galegos, de aí o seu esforzo incuestionable non só para mellorar o apoio ás persoas en risco de exclusión senón por aumentar o orzamento dedicado á RISGA. Insiste en que foi este goberno autonómico o que converteu a RISGA nunha partida ampliable e é falso que a súa tramitación se alongue tres veces máis do establecido; cómpre lembrar que no proceso interveñen tres partes: usuario/concello/Xunta. Así as cousas a tramitación atópase condicionada pola Administración Local como polo propio demandante nahora de emendar ou aportar a documentación necesaria para resolver a axuda. A Xunta de Galicia ten constancia de que todos os concellos levan a cabo esta corresponsabilidade con creces e todas as administracións traballan para resolver as solicitudes o máis axiña.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que apoian a moción, como non pode ser doutro xeito, posto que hai familias que se ven abocadas a estas solicitudes cuxo importe é insuficiente para atender a actual situación sendo ademais inxustificable a demora na tramitación.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, por alusións di que é certo que incrementáronse as partidas pero non é suficiente como di o PP e sería mentir se non se recoñece que houbo casos en Rianxo de ata 6 meses de tramitación. Engade que hoxe mesmo publicouse unha estatística segundo a que España mantense nun 90% polo esforzo das familias e non polas grandes rendas que tributan menos e teñen os aforros en contas no estranxeiro.

A voceira do grupo municipal do PP, solicita a palabra en turno de réplica para preguntarlle a propoñente por que di que minte, posto que en ningún momento dixo que estimara o crédito suficiente, mais iso non quita que si se incrementaron significativamente as partidas.

O alcalde remata o debate expoñendo a súa sorpresa en que en Rianxo soamente 18 persoas cumpran os requisitos para solicitar a RISGA e, sen embargo, hai 1.000 parados. Polo tanto, ou son moi baixos os baremos ou algo falla en comparación con outros concellos. Parece ser que a Xunta de Galicia ten pensado sacar unha nova liña de axudas para pagar o recibo da luz pero sería un importe que non chegaría a 120€ no mellor dos casos, así que insuficiente, sen que se reduza os grandes beneficios as compañías eléctricas.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos presentes con 11 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE e 3 dos do PP), dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:30 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:30 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo